



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Seguro que cando esta Crónica chegue ás mans de quen se preste a lela, xa teremos rematado o tempo pascual, mais á hora de a compoñer son os aires pascuais os que enxugan as nosas bágoas, persoais e sociais, e nos envolven nun aquel de paz, esperanza e valentía cara ao que en nós e arredor de nós se move ou podería mover. E teremos tamén dado o noso voto, se a votar imos, e xa saberemos de que cores se van vestir os concellos e algunhas autonomías desta España indómita, que con máis frecuencia do desexado oscila entre a sensatez e o esperpento, sen que calquera posible futuro garanta axiña outra alternativa. E no medio destes bambeos habemos de intentar vivir e dicírmonos como persoas cristiás que pretendemos ser. A Pascua, fresca aínda nos nosos corazóns, invítanos a iso.

1.- Coa morte facéndonos as beiras

Á beira dos días nos que andabamos dándolle voltas á morte singular de Xesús de Nazaré, antes e despois, fómonos vendo conmovidos por unha serie de mortes; mortes significativas, porque o eran de persoas de cerca ou de lonxe que pasaron pola vida deixando un ronsel de alento e de esperanza. Mortes con recendo a gloria, como a mesma de Xesús. Mortes que dan gana de vivir. Primeiro, o 29 de marzo, Carlos García Cortés, 87 anos, crego da diocese compostelá, home sabio, profesor que foi do Instituto Teolóxico Compostelán e tamén da Escola Diocesana de Teoloxía para Segreares, que promoveu con interese e eficiencia en Santiago, A Coruña e Pontevedra. Dedicou tempo

e tempo ao estudo de figuras e circunstancias históricas do campo civil e eclesiástico do último século. Cousas todas elas mesturadas coa súa colaboración pastoral en diferentes parroquias. Comentando en *La Voz de Galicia* o seu pasamento, Andrés García Vilariño remataba o seu escrito dicindo: «Pasou pola nosa vida con discreción e lealdade, con senlleira exemplaridade e exquisita delicadeza no trato. Grazas, Carlos. Roga por nós». Facemos nosas esas palabras.

Logo, o 1 de abril morría en Vigo Frei Manuel Sordo del Villar, O.P., frade dominico, que deixou unha fonda pegada, chea de paixón, creatividade, sinxeleza e tenrura polos diferentes lugares onde desenvolveu a súa vida e actividade evanxelizadora: Vigo, Nicaragua, Madrid, Vigo... Para nós a súa figura está especialmente vinculada co desenvolvemento da parroquia do Cristo da Vitoria en Vigo, e co apoio prestado a todo o traballo levado a cabo nestas últimas décadas para que a igrexa aquí, en Galicia, valorase positivamente a súa identidade galega e fixese dela unha ferramenta sa, limpa, para atinar co lugar

e o modo da súa presenza nesta nosa Terra. Por outra banda, a maneira de construír a vida parroquial no Cristo da Vitoria fixo ver como posible o que parecía imposible: converter unha parroquia nunha comunidade de comunidades. Leigos e leigas, xente nova e xente maior, frades dominicos e sores dominicas souberon conxugar esforzos para que se abrisen camiños á esperanza. E Manolo aí no medio e medio, coa súa claridade de ideas e obxectivos, coa súa palabra doce, co seu xesto fraterno, coa súa vontade de servizo... ata a morte. Canta graza, da de todas as cores, canta bendición!

E só uns días despois, o 12 de abril, recibimos a nova da morte do bispo francés de Parthenia, Jacques Gaillot, 88 anos. Poida que haxa xente á que lle resulte estraño este nome e esta memoria. Jacquet Gaillot, bispo da diocese francesa de Evreux desde 1982, fíxose famoso entre nós cando chegou ás nosas mans o seu libro titulado *Una Iglesia que no sirve, no sirve para nada* (Sal Terrae, 1990), que moitos lemos con verdadeiro agradecemento. Gaillot ademais estivo entre nosoutros acompañando-

nos no foro de Encrucillada do ano 1997, pouco despois de que o Papa Xoán Paulo II o retirara de bispo (1995), e pasara a ser bispo de Partenia, unha diocese norteafricana xa desaparecida desde o s. VI, que el soubo reconverter, grazas ás novas tecnoloxías e á súa paixón polo Evanxeo, na terra nutricia de moitas persoas crentes tamén desaparecidas como Igrexa. A razón desa destitución? Unha práctica episcopal disidente daquela respecto dos modelos episcopais normalizados ata na mesma Francia, que se lle atragou a Xoán Paulo II, como se lle atragou tamén a de Ernesto Cardenal e máis xente desa sensibilidade. O lema episcopal de Gaillot podía moi ben quedar resumido neste parágrafo primeiro do libro citado, facendo referencia ao que del se dicía de ser un «prelado fronteirizo»:

«Vogar mar a dentro sempre é arriscado. Achegarse a homes e mulleres que viven, sofren e loitan, supón unha paixón por eles. É un acompañamento no cotián que non desbota a aventura. É un camiño de humanidade que transforma a ollada, modifica a linguaxe e crea vencellos.»

En fin, algo así como a Igrexa en saída, da que hoxe falamos. Un bispo disidente, excluído por disidente, bo discípulo do gran disidente que na Pascua celebramos. Grazas! O libro de Gaillot antes citado non pasou de moda, todo o contrario. Eu estouno relendo estes días, e sabe a Pascua.

E velaí que, repasando o ata agora escrito, decátome de que a miña memoria se nutre só de varóns clérigos. E non haberá non clérigos, e non haberá mulleres mortas, envoltas en Pascua, que tamén merezan a nosa lembranza agradecida! Seguro que as hai e moitas. Pero os espazos de significación social, pola lóxica normal dunha cultura machista, están normalmente collidos polos varóns, pois son eles os que están prevalentemente nos lugares de relevancia social, que non sempre nin moito menos cadran coa relevancia de vida, de fe.

E véusenos á memoria a morte recente tamén –8 febreiro 2023– de M. Luisa Oliveres, activista cristiá, viúva de Alfonso Comín, desde o ano 1980, muller que soubo xuntar unha espiritualidade vinculada

a Carlos de Foucauld cunha militancia sociopolítica aguda. A súa vida moveuse ao redor do pacifismo de Lanza del Vasto, do movemento internacional Pax Christi e dos pobres do Abade Pierre e os seus Trapeiros de Emaús; e tamén de Xustiza e Paz e de Cristianismo e Xustiza. A súa militancia política andou próxima á do seu home Alfonso, co que formou tamén parte viva de Cristiáns/ás polo Socialismo. Espazos todos de solidariedade persoal e estrutural coa que quixo darlle corpo histórico á súa opción de fe cristiá. Muller pascual polas catro beiras do seu ser! Bendito sexa Deus!

2.- E temos Arcebispo!

Esperabamos a nova do nomeamento do novo arcebispo de Santiago de Compostela, a sé metropolitana da Igrexa galega. Moita xente de Igrexa pensabamos que era un momento moi oportuno para que se fixesen as cousas de xeito que a igrexa metropolitana galega exercese o papel que como tal debería exercer: aglutinar desde Galicia un movemento eclesial que aspire abertamente a contribuír ao fortalecemento das liñas de tra-

ballo propostas nestes tempos polo Papa Francisco. Quizais desde os tempos do cardeal Quiroga Palacios non apareceu entre nós unha personalidade relixiosa que, sendo galega, soubese cumprir esta función. Rouco Varela, que podería ter sido significativo nesta tarefa, optou por outras empresas e por outras maneiras de soñar a Igrexa en xeral e a Igrexa galega en particular.

E foi nomeado novo arcebispo de Compostela quen viña sendo bispo auxiliar desta sé desde hai dous anos, D. Francisco Xosé Prieto Fernández, cura ourensán, que o 3 de xuño accederá ao novo servizo eclesial –que feo iso oficial de «tomar posesión». E será Francisco Xosé o arcebispo, mesmo o cardeal soñado? Poderá soportar en Santiago ese liderado entrañable e firme que nos axude a espertar dos nosos sonos como Igrexa galega na sociedade galega?

Gustounos que, na roda de prensa conxunta dada polo arcebispo Xulián Barrio e o bispo auxiliar Francisco Xosé Prieto, este se expresase case totalmente en galego. Noutros momentos, por exemplo, na

entrevista ao *Faro de Vigo* do mesmo 3 de abril, á pregunta ben concreta de: «considera que é un plus para a igrexa ter un representante en Compostela enraizado na cultura galega?» (pasamos ao galego pregunta e máis resposta), responde con vaguidade: «Ser galego é unha cátedra, é unha forma de estar e de ser, coa paisaxe no corazón e na ollada. O cardeal Quiroga foi unha figura indiscutible historicamente para Galicia e para a Igrexa. Ser ourensán nunha terra que é miña, ser galego é sempre unha posibilidade de encontro, a alma galega é de horizontes amplos e estendidos, e eu acepto ese desafío con esperanza».

Sabemos que para gran parte das persoas que hoxe fan Igrexa en Galicia o feito de ter en conta, con consecuencias, a nosa identidade cultural pasada e presente, a nosa lingua, a nosa condición de persoas galegas e de Igrexa galega, é algo insignificante. Os mesmos curas que saen dos nosos seminarios saen en boa medida vacinados contra a nosa identidade. E non falamos desde claves políticas, escusa coa que adoito se intenta relativizar a cuestión, senón

desde claves simplemente humanas e polo tanto relevantes para a evanxelización. Falamos desde a «galegitude matricial» de Pedro Castelao (*Encrucillada*, 224, 5-24) e desde os criterios ofrecidos polo papa Francisco na *Fratelli tutti* (nn. 143-145), onde afirma:

Hai unha falsa apertura ao universal, que procede da superficialidade baleira de quen non é capaz de penetrar ata o fondo na súa patria, ou de quen soporta un resentimento non resolto cara ao seu pobo. En todo caso, sempre hai que ampliar a ollada para recoñecer un ben maior que nos beneficiará a todos. Pero hai que facelo sen se evadir, sen desarraigamentos (n. 145).

Oxalá Francisco Xosé Prieto Fernández, arcebispo xa de Compostela, acerte a desenvolver o seu servizo eclesial entre nós, en Galicia, con sabedoría, ousadía e temperanza!. Oxalá o seu nome, o seu traballo sinalen un fito no devir da Igrexa en Galicia! Oxalá atope en nós dignos colaboradores! E ouso facerme voz de toda a Asociación Encrucillada, para lle prometer: nesa tarefa conta connosco.

3.- Pedir perdón e facelo como Deus manda

Na Crónica de Igrexa anterior faciamos referencia á boa disposición da Igrexa portuguesa en relación coa resolución do problema dos abusos a menores por parte de representantes eclesiais, e tamén das reticencias observadas na Igrexa española ao respecto. Ao que se vai vendo, nin tan botados para adiante eran os portugueses, nin tan remisos os españois.

Queixábase Ángel Gabilondo, defensor do pobo, da escasa colaboración do episcopado español, en xeral, pois á súa demanda de información poucos eran os bispos que corresponderan con documentación seria; a CONFER (Confederación Española de Relixiosos) si estaba á altura do problema a resolver. E da noite para a mañá o señor Gabilondo é citado na sé da CEE para o 29 de abril, e alí sorpréndeno coa entrega de máis de 2.000 páxinas de información en seis tomos. Páxinas tituladas «Para dar luz», nas que se fala, polo de agora, de 706 casos de abusos. E si que deron luz e esperanza dunha colaboración para a que ata agora se

amosaran ben *requenos*. (Así dicimos por Abadín de quen é mesquiño e mesmo miserento). A máis dos papeis, abundaron as boas palabras, os bos xestos. Adiante! Pero, supoñendo que tanto material non se coce da noite para a mañá, e tendo disposición de colaborar, por que non se amosa desde o primeiro momento e se permite que se espallen informacións que nos desorientan? Ou é que ese traballo non foi elaborado para poñer nesas mans? Só unha colaboración absoluta pode garantir que a acción eclesial se converta en algo que reclame eficazmente que outros estamentos sociais poidan facer tamén un traballo semellante, que certamente non se está a facer.

Ben, neste mundo de cousas, chamou a atención, e ben positivamente, a cerimonia de recoñecemento e de petición de perdón ás vítimas da pederastia eclesial, organizada o 24 de marzo polo bispo de Bilbao, Joseba Segura, un dos bispos que está dando mostras de tomar moi a peito a resolución desta vergonza eclesial. Foi na bilbaína catedral de Santiago, cheíña de xente, entre a que se atopaba tamén un grupo de vítimas. Ao tempo

que o director da Comisión de protección de menores e prevención de abusos sexuais da diocese de Bilbao ía lendo os relatos dos abusados, alguén poñía candeas acesas sobre do altar. Un destes abusados era o sacerdote Josu López Villalba, alí presente. O bispo na homilía non andou con eufemismos; chamoulle ás cousas e ás persoas polo seu nome merecido, e insistiu en que con aquilo non se trataba de pechar nada, senón de avivecer a vontade de chegar ata o final, e animou a quen por calquera medo se mantiña en silencio, a que dera un paso adiante para poñer verdade en todo.

A noticia do feito, loxicamente, correu deseguida por España adiante. Esa é a única maneira de gañar credibilidade.

E seguindo co tema, parece que no Vaticano anda algo revolta a Comisión para a Protección de Menores despois da dimisión do xesuíta alemán Hans Zollner por diferentes razóns (inclusión da Comisión dentro do Dicasterio para a Doutrina da Fe, falla de claridade e transparencia, aspectos financeiros...). Renuncia que sorprendeu e desagradou ao pre-

sidente da Comisión, o cardeal Seán P. O'Malley, pero, en todo caso, estase procedendo a unha necesaria recomposición da dita Comisión. E temos por fin o documento *Instrucciones de la Conferencia Episcopal Española sobre abusos sexuales a menores y personas vulnerables*. Presentouse na 121 Asemblea Plenaria do 17 ao 21 de abril. Un documento sobre o que viñan traballando os nosos bispos desde o 2019. Fíxose público só despois da aparición da carta do Papa Francisco *Vos estis lux mundi* (*Vós sodes a luz do mundo*), na que o Papa ofrece criterios e liñas a ter en conta para a xestión destes temas; e despois tamén da reforma do libro 6 do C.D.C. Xa en novembro do 2022 a CEE ofrecera unhas liñas básicas que deberían ser aplicadas en todas as dioceses, e agora complétase o traballo. Empeza a ter vigor desde o 30 de abril.

Pode parecer que a Igrexa está facendo un bo traballo neste campo, ata o punto de desexar que outros grupos sociais a poidan imitar. Pero debemos recoñecer que tanto bo esforzo vese repetidamente desvirtuado polas ondas de noticias ao respecto, que nos deixan perplexos,

as últimas as referidas aos xesuítas de Bolivia: un xesuíta español, Alfonso Pedraja, coñecido como «Pica», que traballara en colexios de xesuítas daquel país nos anos 1971-2009, e morto de cancro no 2009, deixa escrito nun diario íntimo o recoñecemento de múltiples abusos seus nun colexio de Cochabamba, e tamén transmite que varios superiores provinciais eran sabedores desas circunstancias e nada fixeron. E todo se fai público porque a primeiros de maio un sobriño do defunto comparte con El País o contido dese diario. Deseguida as consabidas peticións de perdón e o arredamento dun grupo de xesuítas que, coñecendo as cousas, optaran polo silencio. Parece que ninguén se salva. E a ver en que acaba todo. Así andamos.

4.- A voltas coa reconciliación

O caso do bispo de Bilbao permitiunos abrir os ollos para nos decatar dunha serie de feitos que andan na onda da reconciliación e que os medios de comunicación non adoitan espallar moito. Comentámoslos brevemente, pero que a brevidade non lles cubra o interese.

Quero empezar polo caso de Arximiro Rico Trabada. Arximiro (1905-1937) de San Bernabel, Baleira, Lugo, foi un mestre que formou parte daquel marabilloso e senlleiro colectivo de mestres que colleran con paixón o labor de ofrecerlle formación, cultura, á rapazada, sobre todo rapazada aldeá, que daquela era grande maioría. Moitos deles fixeron ademais que o seu traballo servise tamén a xente adulta, e en conxunto a toda a sociedade. Soñaban cun mundo novo, cunha Galicia nova, e entendían, e entendían ben, que na formación estaba a chave das noces para podelo conseguir. Non aforraron esforzos, nin creatividade, nin riscos, nin conflictividade con quen lles foi collendo manía, porque máis dunha vez o seu labor chocaba cos intereses, civís e eclesiásticos, de quen ata daquela tiña a tixola pola man.

Quen queira ver unha sucinta biografía deste home excepcional, pode achegarse ao libro de Narciso de Gabriel *Os mestres mortos daquel verán*, páx. 123-166. Outras once persoas, delas só unha muller, María Vázquez Suárez, enchen de paixón da boa, pero tamén dos ecos do

asañamento e da barbarie, as páxinas do libro. Para cando un recoñecemento público, oficial, da grandeza destas vidas? Cando será recoñecida, celebrada, agradecida a súa traxectoria martirial? Non podía ser a mesma Igrexa –que en ocasións cos seus informes influíu nas condenas e asasinatos, outras veces non, soubo estar onde debía estar– quen moveuse e mesmo liderase esta reconciliación necesaria? No meu santoral particular, no 1 de setembro de 1937, figura Arximiro Rico Trabada, santo do pobo, santo do Deus da cultura que libera, nese día asasinado con asañamento.

Coa sensibilidade esperta cara a este tipo de historias, chegounos a información (*Mundo Negro*, 690, 26-31) de que en Ruanda, onde *hutus* e *tutsis* levaron a cabo un xenocidio mutuo durante 100 días no ano 1994 con 800.000 vítimas, colleron corpo as «Aldeas de reconciliación». Aldeas nas que «vítimas e verdugos conviven porta con porta e cultivan a terra dunha cooperativa común». Non hai que esquecer a contundencia daquel xenocidio. Houbo monxas *hutus* que delataron a membros *tutsis* da comunidade,

que acabaron sendo violadas e linchadas.

E todo isto sen relativizar nada. Houbo tribunais nos que cantos cometeran xenocidio foron xulgados. Traballouse o arrepentimento e o perdón mutuo. Ademais, como agora xa está medrando unha primeira xeración que non coñeceu o xenocidio, para que a consciencia do sucedido non desapareza, «hai celebracións e recordatorios anuais, empezando polos actos que se realizan do 7 ao 14 de abril –cando empezou a matanza–; son momentos nos que se fala cos menores sobre o sucedido».

Canto nos aprende esta xentiña! E por aquí seguimos burreando coa memoria democrática e consentindo que vellas feridas sigan abertas, porque non temos a ousadía de recoñecer a parte que a cada quen lle corresponde.

Aproveito para invitar á subscripción e lectura de *Mundo Negro*, unha revista que de mil maneiras nos abre os ollos ao conxunto da realidade africana que desde a nosa prepotencia occidental ignoramos case con gusto.

Seguindo por terras de lonxe, neste caso por Latinoamérica, o pasado 29 de marzo o Dicasterio para a Cultura e a Educación e máis o Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral publicaron unha nota mediante a cal rexeitan de forma definitiva a así chamada «Doutrina do Descubrimento», que ten as súas orixes no Papa Alexandre VI (1492-1503), cando lexitima o reparto e conquista das Américas entre as potencias europeas, España e Portugal moi especialmente, xustificando ese reparto na finalidade evanxelizadora.

Sabemos que o dominio ás veces moi despótico que exerceron os descubridores/invasores ocasionou verdadeiros atropelos naquelas xentes, na súa cultura, nos seus recursos e riquezas, na súa liberdade. Certo que tamén houbo voces de protesta contra tales atropelos, que partían sobre todo de frades minimamente doídos, que vían as barbaridades que se facían; certo que tamén se lles puideron pasar e se lles pasaron de feito elementos de cultura que en moitas cousas os uparon; certo que eran outros tempos nos que abusos de todo tipo esvaraban polas concien-

cias. Pero nada disto xustifica tanta animalada, e bo é que se recoñeza tanto vexame físico e cultural, e que se diga dunha vez por todas: así non, así nunca máis, faga quen o faga. Porque o descubrimento acábase convertendo, cando menos en boa parte, en colonización, en espoliación, en encubrimento.

E falando de restitución, de reconciliación, queremos subliñar o feito simple, pero significativo, de que tamén na cidade de Ferrol se vai abrir a partir do 24 de setembro –día da Mercede, patroa da xente presa– unha casa de acollida para facilitar a reinsertión social de persoas que empezan a gozar de permisos de tres, cinco días, e que carecen de familiares ou amizades que os poidan acoller. Pisos destas características hainos xa na Coruña, en Ourense, Lugo, Santiago, pero non en Ferrol.

Normalmente este tipo de servizos ofrécese desde asociacións que dependen do voluntariado. E así vai ser tamén no caso do Ferrol. A Delegación de pastoral penitenciaria e Cáritas da diocese de Mondoñedo-Ferrol están dando os pasos necesarios para facelo realidade. No terri-

torio da diocese de Mondoñedo-Ferrol non hai prisións, pero nas prisións galegas, sobre todo en Bonxe, Teixeira e Monterroso, hai persoas presas que pertencen a esta diocese.

Neste momento andan a buscar un número suficiente de voluntarios/as: unha ducia de persoas, para ofrecer unha axuda necesaria que entre todos, con boa disposición e unha axeitada preparación, non tería por que se facer gravosa. Seguramente que o noso Xaquín Campo Freire que en boa hora anda por aí, acordará connosco en que iso que lle podemos ofrecer a estas persoas delinquentes non deixa de ser en moitísimos casos máis ca unha restitución social a quen está na cadea en parte tamén pola influencia negativa que a mesma sociedade exerce sobre as persoas máis fráxiles.

5.- Amén. Grazas polo ben que me fixeron

Foi cousa do recoñecido periodista Jordi Évole, que ten dado boas mostras das súas habilidades para conseguir e desenvolver entrevistas con personaxes significativos. Neste caso tratábase

do mesmísimo Papa Francisco, a quen xa entrevistara noutra ocasión, pero agora fíxoo coa particularidade de que, no canto dunha entrevista directa levada por el, o que fixo foi promover un encontro do Papa con dez mozos e mozas de moi diferentes lugares físicos, sociais, culturais, relixiosos. O resultado, ao noso ver, foi algo dunha calidade humana excepcional.

Viaxaron mozos e mozas de diferentes partes do mundo para se ver co Papa, e viaxou tamén o Papa desde o Vaticano a un lugar de Roma, unha casa, un colexio, algo en todo caso moi humilde, para, simplemente, ter unha conversa espontánea a partir do que os mesmos mozos e mozas querían ir propoñendo. A conversa enchíase de cando en vez con imaxes da vida normal dos mozos e mozas participantes. Évole fixo público que, como adoita ser habitual, antes de lle dar publicidade ao contido daquel encontro, lle pasara a elaboración definitiva ao Papa, por se algo quixese suprimir ou modificar. E nada quixo modificar nin suprimir.

E non foi porque non houbese momentos cando menos incó-

modos, mesmo duros, ao longo da conversa. Os mozos e mozas non eran precisamente uns anxiños. Vese que foran escollidos adrede, como representantes dunha mocidade moi plural e en principio moi distante do que puidesen ser os «gustos» do Papa: un mozo incrédulo, decepcionado coa Igrexa, a que considera anacrónica, anticuada; unha india residente en Boston que saca o tema da inmigración; un mozo musulmán do Senegal (posible residente en España, pola súa boa expresión en castelán), un irmán do cal con 14 anos fixera a viaxe a Europa en patera; unha ecuatoriana que fala do acoso escolar sufrido na escola española cando era nena; outra rapaza que se di católica, non binaria, feminista, que participa nos grupos polo dereito a decidir de persoas embarazadas ante o aborto; outra rapaza, esta dos grupos neocatecumenais, que vai ás portas dos abortorios para informar ás mulleres que van abortar das axudas que poden recibir para non ter que facelo; o mozo bilbaíno que desde hai anos está afrontando a súa condición de persoa abusada nun colexio do Opus, que se expresa duramente ante o

mesmo Papa, amosándolle unha carta persoal que o Papa lle mandara, subliñando as enormes dificultades para resolver estas situacións; dúas rapazas lesbianas, que buscan na Igrexa un espazo que parece negárse-lles; aquí xorde o respecto pola muller na Igrexa: «unha muller algún día Papa?», pregúntalle unha rapaza: o tema do sacerdocio feminino; outra moza que traballa elaborando e ofrecendo co propio corpo vídeos de contido erótico, legais, iso si; unha muller nova, peruana, que, sendo monxa, sufriu abuso de poder por parte da superiora, saíu de monxa, deixou a comunidade, e deixou a fe e agora convive con outra muller.

O Papa manexouse ben, en ocasións con pingadas de humor sinxelo, non evitando ningún tema, escoitando moito, non sancionando nada, non intentando convencer a ninguén, aínda que si compartindo a súa visión, dicindo cousas que seguro podían facer pensar ás persoas coas que compartía. Os mozos e mozas tamén se vían soltos, espontáneos, nos saídos primeiros (darse a man, chuchos...), dicíndolle ao Papa se o podían atuar, e atuándoo logo,

á hora de dicir con rotundidade o que pensaban de cousas que para a Igrexa se supoñen moi serias, dicindo palabras moi fortes contra a institución eclesial, e víase que non era un aparentar, varios deles e delas choraron ao recordar e expoñer a súa relación coa Igrexa. Iso si, mozos e mozas con máis desexos de descargar resentimentos polo vivido ou visto vivir, de censurar, ca de buscar razóns e explicacións. Para aprender algo da institución eclesial, que certamente ten rexistros ben positivos e rompedores, incluso nos mesmos temas propostos.

O Papa concordou con certas percepcións: a Igrexa que se oxida cando non hai testemuño, saír ás periferias, onde se palpa a inxustiza social; co tema das inmigracións: un occidente cunha despoboación brutal que segue pechando fronteiras; co mesmo tema da sexualidade, onde chega a afirmar que «expresarse sexualmente é unha riqueza», e que «a catequese sobre o sexo aínda está en cueiros». Non estivo á defensiva, non intentou contestar as críticas falando das moitas cousas boas que hai na Igrexa. A súa soa presenza atenta, acollidora,

evidenciaba que si había outra Igrexa, capaz de lles poder dicir algo significativo.

Paga a pena ver o vídeo (*Amen: Francisco responde*. Disney+). Meditalo. Agradecelo, coas mesmas palabras do Papa que, pechando o encontro, lles dicía aos participantes: «Aprendín moito de vostedes. A min fíxome moito ben. Agradézolles o ben que me fixo».

Paga a pena tamén ler o atinado artigo «*Lo que Jordi Évole no se atrevió a preguntar al Papa Francisco*»¹ de Ana Iris Simón en *El Confidencial*. Certamente, facendo referencia á última cita do artigo: «a sociedade é moito máis ca a reunión dunha presa de minorías» (que podería resumir a súa crítica ao traballo de Évole), tamén no noso caso a mocidade é moito máis do que representaban o grupo de escollidos para se entrevistaren co Papa, aínda que non de todo, porque decepcionados coa Igrexa hai moitos, que defendan o aborto son maioría, que practiquen ou simpaticen coa homosexualidade nas súas diferentes

¹ https://www.elconfidencial.com/cultura/2023-05-13/evole-no-atrevio-preguntar-papa-francisco_3628548/

variantes tamén se van multiplicando; e os datos confirman que ofertadores/as e consumidores/as de erotismo hainos a miles xa desde a primeira adolescencia.

Máis transcendente nos parece o feito de que esa mocidade que pelexa coa Igrexa, normalmente non lle pregunta á Igrexa por outras moitas cousas de doutrina e de práctica persoal e social que poderían ser ben significativas para os porqués da mesma mocidade. Desde a institución tenderíamos a dicir que esa mocidade esta ideoloxizada, mediatizada culturalmente, condicionada por un contexto social agresivo cara á Igrexa. Pode ser. Éo. («O ateísmo seguramente sexa das relixións máis proselitistas que existen», afirma a autora do artigo nun momento.) Pero dentro da Igrexa tamén nos debemos preguntar: e por que isto é así? Non teremos algo que ver con todo iso?

6.- E dálle coas mulleres!

Pois temos que lle dar, porque o comentario anterior debemos complementalo necesariamente cunha nova recente: o 26 de abril o Papa Francisco estableceu que, no Sínodo dos Bispos

a celebrar nos outonos do 2023 e do 2024, por primeira vez votase un número considerable de segrares, homes e mulleres. Ata o de agora, o Sínodo era algo exclusivo de Bispos, no que só eles podían votar os documentos finais. Prevíase que desta volta unha muller, só unha, a relixiosa francesa Nathalie Becquart, en calidade de subsecretaria do Sínodo, votaría aínda sendo muller, pero as cousas van sufrir un cambio significativo.

Primeiramente porque dez clérigos que habitualmente eran invitados ao Sínodo, van ser substituídos por cinco relixiosos e cinco relixiosas, elixidas polas asembleas de Superioras Xerais respectivas. E despois porque das 140 persoas seleccionadas nas xuntanzas internacionais das Conferencias Episcopais e da Asemblea de Patriarcas das Igrexas Orientais Católicas, o Papa escollerá 70, que poderán ser curas, persoas consagradas, diáconos, leigos, leigas, pertencentes ás igrexas locais. Solicítouselle que a lo menos a metade fosen mulleres e que se valorase a presenza de xente nova.

Algo significativo, certamente; un paso adiante, dentro

do que segue a ser unha estrutura clerical masculina; abonda con ver o proceso de selección, e lembrar que case o 75 % de votantes seguirán sendo bispos. A Igrexa xerárquica segue a estar ben nas súas. Pero un paso significativo, que segue, algo de lonxe, os pasos do Sínodo da Igrexa alemá, onde as proporcións eran moito máis favorables á inclusión do laicado.

Non podemos saber se tamén no ánimo do Papa, pero si no de moita xente, estaría o obxectivo de que o Sínodo dos Bispos, sobre o que recaía ata o de agora a capacidade exclusiva e excluínste de sinalar desde a xerarquía a evolución e cambios da Igrexa, fose pasando a ser un Sínodo de toda a Igrexa Católica, onde toda a Igrexa Católica puidese ter voz e voto na proporción debida. Pequenos pasos asemblarios, de tintura democrática, de tintura fraterna se así o preferimos, nos que entendemos que é necesario, urxente, avanzar con decisión, para podermos reducir o noso ser anacrónico ao único fundamental, que en realidade tería que ser ben pouco. O traballo sinodal de preparación ao Sínodo vai tamén sen dúbida nese sentido.

7.- A todo se chega, a todo

O día 25 de marzo moitas televisións españolas ofrecían as imaxes de Yadira Maestre, líder dunha igrexa evanxélica que fora invitada a un «acto hispánico» organizado polo Partido Popular en Madrid. Quizais a cousa non fose a máis se nas imaxes mostradas non vísemos a representación que aquela respectable muller facía da súa fe relixiosa e das marabillas que con esa fe se podían facer. Algo, á nosa maneira de ver e de crer, totalmente excéntrico, que lles pegará moi ben a certos grupos relixiosos evanxélicos –non todos os evanxélicos se verían representados nela, nin moito menos–, dos que haberá sen dúbidas representación en España, entre xente emigrante sobre todo. A cousa deu moito que falar, e os líderes do PP non sabían onde meterse nin onde buscar explicacións para tal «comedia».

Pero a cousa ten o seu aquel. Non imos entrar a analizar as grandezas ou fraquezas dunha fe cristiá así entendida –está claro que estamos en total desacordo con ela–, e non o imos facer porque no fondo o asunto para

o Partido Popular non ía diso, e polo tanto tampouco debe ir diso para quen o puidemos contemplar. A cousa vai claramente da decisión tomada en firme no PP de achegarse, de simpatizar con certo mundo evanxélico intentando sacar votos dunha caniteira que en cousas ten pedras da mesma feitura, sobre todo no aspecto moral (moral sexual, visión da homosexualidade, para a que ofrecen procesos de curación, feminismo, tamén postura ante o aborto...). Este achegamento xa vén duns anos atrás, desde o 2017 polo menos, con Casado aínda no mando, e séguese dando a día de hoxe, con presenzas de líderes de ambos os grupos en espazos comúns. Cousa que non deixa de ser unha copia do que Trump fixo en EE.UU. e Bolsonaro no Brasil. A dereita política aliándose con grupos relixiosos ultraconservadores, cos que, no caso español polo menos, seguro que disentirán en moitísimas cousas, pero dos que poderán recoller ganancia electoral. Entendemos que as persoas relixiosas, á hora de orientar o seu voto, poidan optar por tal ou cal partido político, de dereitas, de esquerdas; entendemos que poida haber aproxima-

cións ideolóxicas que nos leven a subir a un mesmo escenario e incluso a encher as listas e os programas políticos con nomes e accións semellantes; pero non nos cadra que a España católica, que se podería ver moi ben representada no conxunto do episcopado español, lle ande facendo as beiras a unha relixiosidade que nin é a súa, nin parece que o vaia ser algún día. Ou é que se cadra a Igrexa católica española xa non lles vai? Ou é que as propostas relixiosas e sociais do mesmo Papa xa os exceden? Ou é que católicos, católicos, igual non o somos tanto como se pensaba e se dicía?

En fin, o disputado voto do señor Caio! Todo cadra, menos a honesta sabedoría aldeá do señor Caio, tan ben subliñada por Miguel Delibes, que aquí non se detecta.

8.- A política instrumento humanitario

Con isto de fondo, pareceunos de interese –a ver en que dá– que o 14 de abril, en Madrid, na Universidade Francisco de Vitoria tivese lugar a presentación da Academia de Líderes Católicos, Academia que naceu en Chile

no ano 2006 da man de José Antonio Rosas, ante a constatación da ausencia de persoas cristiás nos movementos sociais, a lo menos no seu país. Durante este anos 12.000 alumnos seguiron a formación ofrecida de forma presencial, e 35.000 máis de 71 países, de forma virtual.

A Academia pretende formar líderes para a participación social, política, sen orientación en principio cara a ningunha liña política, si como aposta de persoas crentes que pertencen á comunidade eclesial, pero sen pensar na conformación dun partido político católico, e levando na man a doutrina social da Igrexa. A presentación en Madrid, co apoio do cardeal Osoro, quere ser o primeiro paso dunha difusión por Europa adiante desa iniciativa. No cuarto trimestre deste ano proxectan organizar en Madrid un encontro durante tres días de máis de 100 políticos católicos de todo o mundo.

Valoramos esta iniciativa porque nos parece que a participación política é unha enorme carencia na espiritualidade cristiá da presente hora –case sempre o foi–, por máis que se

admita con normalidade nos medios eclesiais que a acción política pode ser unha achega ben importante para conseguir o que en linguaxe relixiosa chamamos «reinado de Deus»; pois desa acción política depende, entre outras cousas, construír unha sociedade desde a xustiza social, desde a igualdade de oportunidades, desde a protección especial das persoas que máis envoltas anden en fragilidade. Iso si, dános un non sei que, que sexa a condición crente e eclesial condición imprescindible para participar neste ámbito de formación. Quizais estamos en tempos de máis pluralidade e diversidade, de maior saída ás periferias tamén políticas, sempre que se parta, iso si, de puntos de encontro como o de pensar e dicir que a xustiza social (con nome e apelido) é unha das pedras do esquinal da doutrina social da Igrexa porque o é para a construción dunha sociedade moderna e libre.

9.- Desde Budapest, por unha Europa aberta

Durante tres días –28, 29 e 30 de abril–, o Papa Francisco andou de viaxe apostólica por

terras de Hungría, moi concretamente en Budapest, significativo nome co que no 1873 se fixaba a unión das cidades de Buda e Óbuda, no oeste do Danubio, coa de Pest, no leste no mesmo río.

E dicimos significativo nome porque tamén quería ser a cidade testemuña do encontro de dúas sensibilidades humanas e católicas bastante diferentes: a de Viktor Orbán, presidente do país con tendencias moi nacionalistas –coas bondades e riscos que isto comporta–, e o Papa Francisco, por sensibilidade e por función máis aberto á catolicidade tanto no senso relixioso coma no civil. Por iso insistiu nas súas elocucións na necesaria inclusión en Europa rompendo a tentación de illamentos, e tamén na atención aos inmigrantes, non só aos ucráinos, que si están recibindo boa acollida na limítrofe Hungría, senón tamén aos que proveñan doutras latitudes xeográficas, culturais, espirituais.

O Papa aproveitou a segunda xornada no país para encontrarse con diferentes grupos sociais (un centro de nenos cegos ou necesitados de atención espe-

cial; outro destinado á atención de persoas pobres e refuxiadas, a comunidade greco-católica, a mocidade); e no último pechou e estadió no país coa celebración da Eucaristía na praza da Independencia, durante a que insistiu na mensaxe de portas abertas. É imposible que a visita non deixe trazos e alentos para seguilos no presidente do país e no conxunto da cidadanía que moi maioritariamente o apoia.

E andando nestas, cadra moi ben lembrar aquí o «Encontro galego sobre migración», que tivo lugar en Santiago de Compostela o 13 de maio, levado a cabo pola Rede Galega de apoio ás persoas refuxiadas. Unha humilde acción que nos axuda a espertar tamén a nós dese afán centrípeto que con máis ou menos descaro nos colle o corazón a cantos vivimos en países considerados máis ou menos prósperos.

10.- O aborto dereito constitucional?

O 6 de maio Tribunal Constitucional avalou definitivamente a lei do aborto promulgada baixo a presidencia socialista de Rodríguez Zapatero no 2010,

pero que desde aquelas estaba pendente dun recurso do PP. O TC entende que a liberdade e a dignidade da muller como principio esencial prevalece sobre o dereito do nasciturus; consagra tamén o dereito da muller a decidir sen ningún tipo de coerción, e manifesta que é un dereito da muller esixible ás administracións públicas. Todo dentro dos primeiros 14 meses de xestación, substituíndo a lei de «indicacións» (violación e suposto de riscos severos para a nai ou para o *nasciturus*) polo «sistema de prazos».

A decisión foi tomada co voto positivo dos 7 membros progresistas do Tribunal e co negativo dos 4 conservadores. Todos coñecemos a postura oficial da Igrexa Católica na que se volveu insistir a partir destes feitos. En crónicas anteriores (especialmente no nº 224 desta revista) xa temos exposto a nosa postura respecto do asunto tan simple e tan complexo do aborto. Seguimos entendendo que se simplifican e banalizan bastantes cousas que teñen que ver cunha medida tan determinante.

Estase dando un debate importante a nivel de consti-

tucionalistas sobre se o TC se sobrepasou nas súas funcións. Sete a catro, un TC progresista imponse. Vese a transcendencia que ten gozar do control dese Tribunal para moitas resolucións importantes; non estraña que os partidos políticos suspiren por controlalo. É ben evidente que os poderes do Estado non son tan libres como adoito se remarca. Os membros conservadores do Tribunal renegan agora, pero non se entende que desde o 2010 no que eran maioría ata hai moi pouco, non resolvesen sobre do asunto. Non será que tamén aquí os intereses e mandatos partidistas (como quedaría o PP ante a sociedade se os seus negan ou reducen a mínimos a lei do aborto?) prevalecesen sobre os criterios xurídicos e éticos?

E non é algo ben contraproducente que nunha sociedade cunha poboación tanto á baixa non nos rompamos a cabeza ata conseguir que os dereitos duns seres humanos non teñan por que entrar en conflito cos dereitos doutros, máxime se estes pertencen ao mundo da fragilidade? Á volta de cantos anos consideraremos unha criatura xerada como unha xoia infini-

tamente prezada pola que apostemos ata o indicible con todos os recursos persoais e sociais integrados?

E pechamos aquí esta nosa Crónica. Para o verán a xente nova celebrará en Lisboa do 1 ao 6 de agosto a JMJ, é dicir, a XMM (Xornada Mundial da Mocidade). Queira Deus –que xa o quere– que sexa un encontro alegre, vigoroso, rompedor, revoltoso (por dentro e tamén por fóra), que nos contaxie a

esta sociedade e a esta Igrexa nosa máis vella e rutineira do que sería desexable. Oxalá! Estaremos co corpo e coa alma na man para que así sexa. E bo verán, a fondo, para todas as persoas que pasades minutos, horas, repasando a nosa revista. E lembrade: o 21 de outubro teremos o Foro de Encrucillada para falar do traballo decente e do indecente. Vémonos alí? Oxalá!

Manuel Regal Ledo